

MARTES, 18 DE FEBREIRO

**DIA INTERNACIONAL DA
SÍNDROME DE ASPERGER**



O 18 DE FEBREIRO CONMEMÓRASE O DÍA INTERNACIONAL DO **ASPERGER** . ESTA DATA COINCIDE CO ANIVERSARIO DO NACEMENTO DE HANS ASPERGER, PSIQUIATRA AUSTRIACO QUE DESCUBRIU POR PRIMEIRA VEZ ESTA SÍNDROME.

➤ QUÉ É O ASPERGER?

É UN TRANSTORNO DO ESPECTRO AUTISTA (TEA) SIN DISCAPACIDADE INTELLECTUAL NIN DIFICULTADES EN ASPECTOS FORMAIS DA LINGUAXE.

AS PERSOAS CON SÍNDROME ASPERGER TEÑEN DIFICULTADES PARA COMUNICARSE COS DEMAIS.

COMO SE COMUNICAN?

- **PODEN FALAR DURANTE MOITO TEMPO DO QUE LLES INTERESA, PERO NON SABEN CANDO REMATAR A CONVERSA.**
- **CÚSTALLES TER UNHA CHARLA COS OUTROS.**
- **COMPREDEN A LINGUAXE SEGUNDO O SIGNIFICADO EXACTO DAS PALABRAS, POLO QUE MOITAS VECES NON ENTENDE AS BROMAS, OS CHISTES...**
- **TEÑEN UNHA EXPRESIÓN VERBAL MOI FORMAL INCLUSO ÁS VECES PEDANTE OU CUN VOCABULARIO REBUSCADO**

COMO SE RELACIONAN?

- **CÚSTALLES ENTENDER AS REGRAS SOCIAIS "NON ESCRITAS" POLO QUE, ÁS VECES PODEN COMPORTARSE DE MANEIRA INADECUADA SIN DARSE CONTA.**
- **QUEREN RELACIONARSE COS DEMAIS, PERO NON SABEN COMO FACELO, POLO**

QUE ,ÁS VECES PODEN ATOPARSE SOLOS.

- RESÚLTALLES MOI COMPLICADO INTERACTUAR CON MOITAS PERSOAS A VEZ
- TAMÉN SE LLES FAI COMPLICADO DARSE CONTA DOS SENTIMENTOS E EMOCIÓNS DOS DEMAIS
- ÁS VECES PODE PARECER QUE REACCIONAN DE FORMA INAXEITADA, PORQUE NON SABEN EXPRESAR AS SÚAS PROPIAS EMOCIÓNS

COMO PENSA E SE COMPORTA UNHA PERSOA COA SÍNDROME DE ASPERGER?

- A SÚA FORMA DE PENSAR É RÍXIDA O QUE LLE FAVORECE EN ACTIVIDADES QUE REQUIREN ATENCIÓN OU REPETICIÓN DE PATRÓNS, PERO TEN DIFICULTADES EN TAREFAS QUE REQUIREN FLEXIBILIDADE OU

BÚSQUEDA DE ALTERNATIVAS PARA A RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS.

- SIGUE AS RUTINAS DE FORMA RÍXIDA E REPETITIVA. ESTAS RUTINAS PROPORCIONANLLE SEGURIDADE. PRECISA DE PAUTAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN.
- TEN INTERESES MOI CONCRETOS E ESPECÍFICOS SOBRE OS QUE ACUMULA MOITA INFORMACIÓN E DEDICA MOITO TEMPO A ELES.
- PODE SER EXTREMADAMENTE SENSIBLE A ALGÚNS ESTÍMULOS DO ENTORNO (SONS, LUCES, OLORES, SABORES...)

COMO PODO AXUDAR A UNHA PERSOA CON ASPERGER?

- COÑECE COMO SE SINTE E INTENTA POÑERTE NO SEU LUGAR
- EXPLÍCATE E FALA CON ELA DE FORMA CLARA, SIN DOBLES SENTIDOS.

- ENTEDE QUE A SÚA FORMA DE COMPORTARSE NON É UN CAPRICHU, SOLO REFLEXA UNHA MANEIRA DISTINTA DE COMPRENDER E DESENVOLVERSE NO MUNDO
- COMPRENDE AS SÚAS "RUTINAS", E RESPECTA OS SEUS TEMPOS. SON ELEMENTOS IMPORTANTES QUE LLE PROPORCIONAN SEGURIDADE. PODES AXUDARLLE SIN IMPOÑER A TUA MANEIRA DE VER AS COUSAS.
- PREGÚNTALLE CAL É A MANEIRA DE AXUDARLLE. ELA SABERÁ EXPLICARCHE O QUE QUERE OU COMO PREFIRE QUE LLE AXUDES.
- SON PERSOAS COMO AS DEMAIS, SOLO QUE VEN O MUNDO DUNHA FORMA DISTINTA.